



# LIÑAS XERAIS DO ANTEPROXECTO DE ORZAMENTO PARA 2004

## INTRODUCCIÓN

A presentación no Claustro das liñas xerais do anteproxecto de orzamento para 2004 ten como obxectivo central dar a coñecer ao conxunto da Comunidade Universitaria a situación económico-financeira en que se atopa a UDC e os camiños polos que terá que transitar nos vindeiros meses. Asemade, dáse cumprimento a un punto importante do programa electoral que marca o compromiso do actual equipo reitoral de explicar no Claustro o contido do orzamento como paso previo á súa aprobación.

O orzamento que agora se está a presentar ha de ser avaliado no contexto financeiro onde se atopa a UDC no ámbito do Sistema Universitario Galego (en adiante, SUG). Malia que todo equipo reitoral emprega o orzamento anual como a ferramenta básica para materializar as súas políticas de actuación nos diferentes eidos da docencia, investigación e prestación de servizos, ninguén pode ser alleo ao contorno xeral en que se desenvolven tales actividades e ao contorno específico integrado polos factores que, de forma singular, están a afectar a institución. Feita esta primeira observación evidente, a primeira cuestión que cómpre afirmar é que non estamos perante o orzamento que recolle plenamente os proxectos de transformación e cambio que o equipo quixer implantar no seu primeiro ano de xestión. A causa está precisamente en que o contorno de referencia condiciona de forma extraordinaria a viabilidade de determinadas actuacións. Tal situación poderíase sintetizar nos seguintes trazos:

1. Delicada situación económico-financeira da UDC no momento presente.
2. Estancamento no número de alumnos que cursan estudos universitarios na UDC.
3. Prórroga, vixente para 2004, do Acordo de financiamento entre a Xunta de Galicia e as tres universidades que integran o SUG.
4. Vixencia do orzamento de 2003 prorrogado a 2004 como consecuencia do cambio de equipo reitoral no comezo de ano.



5. Escasa tradición da UDC na captación de ingresos adicionais no sector empresarial.
6. Necesidade de atender de forma ineludible os retos tecnolóxicos, metodolóxicos e humanos formulados pola converxencia no Espazo Europeo de Ensinanza Superior.
7. Compromiso do actual equipo de goberno por garantir a estabilidade do profesorado contratado para dar cumprimento aos novos Estatutos e por establecer planos de promoción para o persoal de administración e servizos durante o quadrienio 2004-2007.
8. Incremento dos gastos correntes en bens e servizos como consecuencia da entrada en funcionamento de novas infraestruturas e mantemento das xa existentes.

Para o actual equipo reitoral, os cinco primeiros apartados constitúen limitacións evidentes que condicionan as actuacións e, xa que logo, os orzamentos. Os tres puntos derradeiros, lonxe de seren vividos como ameazas, deberían concibirse como auténticas oportunidades polo que significan de reto, de estímulo do capital intelectual e de potencial material para que a UDC poida desenvolver a súa tripla función de docencia, investigación e prestación de servizos. Ora ben, cómprese sinalar neste mesmo punto que é fundamental "cambiar mentalidades" e orientar a todos os membros da comunidade universitaria cara á eficacia e a eficiencia no emprego de fondos públicos. Quérese sinalar, en definitiva, que se non somos capaces, como institución, de nos decatarmos da nosa obriga, individual e colectiva, de usar responsablemente todos os medios que se colocan á nosa disposición, estaremos levando a UDC a unha situación clara de inviabilidade económica. É evidente que a nosa universidade ten moitas carencias, pero non é menos certo que hoxe en día existen medios para desenvolver moitas actuacións que sitúen a UDC no contexto que lle corresponde no conxunto das universidades europeas.

Deseguido, váese describir resumidamente como se percibe desde o actual equipo reitoral a situación actual e cal é a solución que se propón ao conxunto da universidade para este ano.



## CONTEXTO XERAL DO ANO 2004

### Análise externa


É importante, ao comezo deste epígrafe, salientar o carácter de administración dependente que ten a UDC no eido económico-financeiro. Isto significa que unha gran parte dos seus ingresos proveñen das decisións que se adoptan en ámbitos que, en sentido estrito, se sitúan fóra do seu control. Esta situación padécese de maneira singular no exercicio 2004 ao ter que desenvolver a actividade no marco da prórroga do Acordo de Financiamento vixente durante o cuadrienio 2000-2003 e non existir un esquema actualizado de financiamento entre a Administración Autonómica, financiador sobranceiro das universidades públicas en Galicia, e o SUG.

En resumo, a Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria (en adiante, CEOU) vai achegar ao abeiro do Acordo de Financiamento unha contía en concepto de financiamento incondicionado equivalente á recibida no exercicio de 2003 cun incremento do 2 % e asemade conxela as transferencias para cubrir as reparacións, ampliacións e melloras (en adiante, RAM) e para acometer novos investimentos en infraestruturas. Dado que con data de 1 de xaneiro de 2004, o antigo Instituto Nacional de Educación Física de Galicia (INEFG) foi traspasado á UDC, esta recibirá con carácter complementario unhas achegas adicionais procedentes da Consellaría de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado para financiar os gastos de persoal e os gastos correntes en bens e servizos deste centro equivalentes ao custo efectivo anual sufragado en 2003 cun incremento do 2 % para o capítulo I e do IPC para o capítulo II. Fóra deste marco financeiro, quedan as achegas para financiar os sexenios de investigación certificados polo persoal docente e investigador da UDC, as cantidades necesarias que cubran o custo que para a Universidade ten o pagamento do 40 % do complemento de destino nas pagas extras do persoal funcionario como consecuencia dun Acordo de Consello de Ministros en 2002 e o resto de financiamento conseguido doutros entes públicos (sobre todo, doutras consellarías como a de Innovación, Industria e Comercio).

Malia que a nosa Institución non está a acusar o forte retroceso no número de matriculados vivido nas outras universidades do SUG (Ilustración 1), resulta igualmente preocupante a evolución previsible desta variable como consecuencia da evolución demográfica que está a sufrir Galicia, da competencia establecida por outras universidades –de dentro e fóra do SUG- e polos ciclos superiores de



formación profesional. Dado que esta variable é fundamental no tocante para a estimación das contías que ingresa a UDC en concepto de prezos públicos por servizos académicos, parece recomendable ser sumamente cautelosos á hora de orzar estes ingresos.



**Ilustración 1: evolución número de estudantes da UDC. Fonte: Estatísticas da UDC.**

A situación descrita coloca a UDC nunha situación financeiramente comprometida no ano 2004 debido, sobre todo ás seguintes cuestións:

- Primeiro, o marco financeiro que xorde como consecuencia do anterior é tremendamente restritivo para o normal funcionamento da universidade. Hai que pensar que o ritmo de crecemento do gasto é moi superior ao do ingreso que constitúe o noso financiamento básico. En consecuencia, responder minimamente ás esixencias fixadas pola converxencia no Espazo Europeo de Ensinanza Superior, cumprir as disposicións das diferentes administracións – estatal e autonómica- no tocante á política de persoal e sufragar o funcionamento da infraestrutura docente e investigadora existente fan que o gasto suba en termos monetarios e porcentuais nunha proporción superior ao ingreso, encorsetado nos límites férreos definidos con anterioridade.
- Segundo, a situación agrávase pola incerteza da situación ao ignoraren as tres universidades do SUG cal vai ser o marco financeiro onde van ter que se desenvolver nos vindeiros anos. Noutras verbas, ademais de insuficiente, estamos nun contexto de falla de estabilidade que nos impide realizar formulacións estratéxicas de tipo plurianual.
- Terceiro, o financiamento externo adicional captado ten case sempre carácter finalista. Isto significa que as universidades carecen en gran medida de capacidade para orientar as orixes de fondos a aquelas aplicacións que elas



estiman axeitadas. Xa que logo, moitos dos recursos captados están asociados a priori a un incremento do gasto –normalmente de capital- que, se ben contribúen a incrementar o patrimonio material e inmaterial da UDC, pouco achegan á solución das dificultades económicas polas que se está a pasar. Ás veces, mesmo a captación de recursos externos obriga o receptor a cofinanciar os proxectos con fondos propios e, polo tanto, a incrementar a penuria económica que está a sufrir. A modo de exemplo, en 2004, figuran orzadas contías conseguidas en convocatorias europeas como consecuencia da solicitude formulada polo equipo reitoral anterior para incrementar a infraestrutura de investigación. Esta modalidade obriga a UDC a buscar financiamento (fondos propios ou alleos compatibles coa convocatoria) de 42,86 euros por cada 100 euros que desembolse o FEDER.

- Finalmente, compre sinalar que, no momento actual, xuño de 2004, estamos a xestionar cun orzamento prorrogado procedente de 2003. Dado o avanzado do ano, existe unha execución de gasto que restrinxe en gran medida o emprender accións limitativas ou abertamente economizadoras. Ademais, como se tentará pór de manifesto máis abaixo, o orzamento de 2003 non resulta en absoluto acaído para dar resposta á situación real da UDC por contemplar unha estimación pouco realista do ingreso que non se corresponde coa previsión de gasto que contén.

## **Situación financeira actual da UDC**

Para podermos formular con certo rigor un orzamento no momento no que nos atopamos, cómpre con carácter previo realizar un diagnóstico da situación financeira actual da Institución. Dado que a institución non emite con carácter oficial nin balance de situación nin conta de resultado económico patrimonial por estar o inventario do seu patrimonio en proceso de elaboración, a situación financeira da UDC vai ser descrita tomando como base as liquidacións de orzamento aprobadas correspondentes aos exercicios 1997, 1998, 1999, 2000, 2001 e 2002<sup>1</sup>. Da análise realizada e para os efectos que persegue este informe, imos centrar a atención nos seguintes datos:

---

<sup>1</sup> Esta análise realízase a partir das liquidacións aprobadas dos anos sinalados. Os datos referidos a 2003, pendentes de aprobación na data do Claustro e en fase de elaboración arestora, serán comentados na mesma sesión do día 17/06. Non obstante, as informacións dispoñibles ata agora sobre 2003 confirman as tendencias expostas neste epígrafe.



- Previsión de ingreso definitivo no orzamento de cada un dos exercicios obxecto de estudo.
- Dereitos recoñecidos netos en cada un dos exercicios. Estes datos obtéñense nas liquidacións correspondentes.
- Previsión de créditos definitivos orzados para cada un dos exercicios.
- Obrigas recoñecidas netas e recollidas na liquidación de cada exercicio.
- Remanentes de tesouraría: afectado, dispoñible e total<sup>2</sup>.

Se se realiza unha comparación entre os ingresos definitivos consignados nos orzamentos, é dicir, previsión de ingresos e os dereitos netos recoñecidos efectivamente como consecuencia da xestión (táboa 1), obsérvase como o grao de materialización dos ingresos cae practicamente durante todo o período estudado dende un 102,05% en 1997 ata o 79,39 % en 2002.

<b>ANO</b>	<b>Ingresos Definitivos (en millóns €) (1)</b>	<b>Dereitos Recoñecidos Netos (en millóns €) (2)</b>	<b>(2)/(1)</b>
1997	77,01	78,59	102,05%
1998	87,79	88,12	100,38%
1999	93,63	91,16	97,37%
2000	99,75	76,99	77,19%
2001	106,19	88,10	82,96%
2002	114,61	90,99	79,39%

**Táboa 1**

Procede, así mesmo, analizar o nivel de execución do gasto a través da comparación entre os créditos definitivos que figuran nos orzamentos e as obrigas netas recoñecidas nas liquidacións anuais (táboa 2). Neste caso, a porcentaxe de

---

<sup>2</sup> Para facer comprensible este concepto aos leigos nestes temas, cómpre definir o remanente de tesouraría tomando como base o contido do artigo 81 do Decreto legislativo 1/1999, de 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido la Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia (DOG nº 214, 5 de novembro de 1999). Nesta disposición establécese que o remanente de tesouraría referido a un exercicio orzamentario determinado estará formado pola suma das dispoñibilidades líquidas e mais os dereitos recoñecidos pendentes de cobramento, menos as obrigas recoñecidas pendentes de pagamento, segundo a situación que os mesmos presenten ata o 31 de decembro do exercicio anterior. Entenderase por remanente de tesouraría dispoñible aquel que non estea afectado ao financiamento específico de determinados gastos. O remanente de tesouraría dispoñible poderá afectarse na súa totalidade ou en parte ao financiamento do orzamento inicial de gastos ou ao financiamento de modificacións orzamentarias, unha vez que sexa suficientemente comprobada a súa dispoñibilidade.



execución durante os anos estudados sitúase no contorno do 80 % cun máximo do 82,17 % en 2000.

<b>ANO</b>	<b>Créditos Definitivos (en millóns €) (a)</b>	<b>Obrigas Recoñecidas Netas (en millóns €) (b)</b>	<b>(b)/(a)</b>
1997	77,01	61,46	79,80%
1998	87,79	68,83	78,40%
1999	93,63	71,73	76,62%
2000	99,75	81,96	82,17%
2001	106,19	83,66	78,78%
2002	114,61	93,14	81,27%

**Táboa 2**

Ata este punto, os feitos mostran que mentres que a execución do gasto estaba no contorno do 80 % o ritmo de realización do ingreso comezou un preocupante camiño de descenso desde o nivel do 102,05 % citado ata o 79,39% en 2002. Como as previsións de ingresos definitivos e de gastos definitivos coinciden ao estaren os orzamentos formalmente equilibrados, é doado comprender como as folgoras de ingreso sobre gasto son cada vez menores ata se converteren ao final do proceso estudado en claramente negativas. Isto significa que, malia que no orzamento se garantía a igualdade formal entre ingreso total a gasto total, a realidade da execución amosou que, polo menos nos últimos exercicios, os ingresos foron orzados con escaso realismo e que, polo tanto, as obrigas recoñecidas chegaron a superar os dereitos recoñecidos xerando un déficit na liquidación polas contías que figuran na táboa 3.

<b>ANO</b>	<b>Dereitos recoñecidos - obrigas recoñecidas (millóns €)</b>	<b>Remanente Tesouraría Afectado (millóns €)</b>	<b>Remanente Tesouraría Disponible (millóns €)</b>	<b>Remanente Tesouraría Total</b>
1997	17,14	11,25	11,39	22,64
1998	19,29	13,71	10,13	23,84
1999	19,43	14,02	9,03	23,05
2000	-4,97	14,61	3,22	17,83
2001	4,43	19,59	2,35	21,94
2002	-2,15	18,48	0,31	18,79

**Táboa 3**

A situación descrita no parágrafo anterior explica a evolución do remanente de tesouraría non afectado ou dispoñible durante período de referencia. Prescindindo agora de explicacións sobre a evolución dos cobramentos e pagamentos, e dos necesarios saneamentos derivados da detección de dereitos recoñecidos pendentes de cobramento de difícil realización, podemos afirmar que



nos últimos anos a xestión do orzamento descrita anteriormente eliminou tales remanentes. Porén, seguiu a incluír como ingreso orzamentario un remanente de tesouraría non axustado á realidade para financiar gastos executados realmente.

Todo isto conduce a unha situación comprometida de liquidez que se manifesta nun incremento da débeda con provedores e que obriga asemade a concertar unha operación de tesouraría cunha entidade financeira por importe de 6.000.000 euros durante 2003 de duración inferior ao ano. Esta actuación parece sensata ao existir un desfase entre o cobramento de ingresos e a obriga de atender os pagamentos derivados dos gastos. En boa medida, as tensións de tesouraría tamén están causadas pola necesidade de realizar anticipos de crédito e fondos, como consecuencia da realización de convenios, proxectos, etc. con financiamento concedido normalmente por entes públicos, que realizan os pagamentos unha vez xustificadas os gastos. Esta póliza de crédito foi renovada polo presente equipo reitoral en xaneiro de 2004

Como resumo desta breve descrición da situación, podemos sacar as seguintes conclusións:

- A UDC debe recoñecer cal é a súa verdadeira situación económica. Por falar en termos coloquiais, hai tempo que rematou a época das “vacas gordas” e a institución non adoptou as cautelas orzamentarias consistentes en introducir prudencia e realismo na estimación dos ingresos. Se os xestores, dentro do seu lexítimo modelo de administración, rexeitaban o emprego de débeda para financiar o seu orzamento de gastos, deberían buscar outros ingresos reais para equilibrar o orzamento ou ben adecuar os gastos ás disponibilidades.
- A situación da UDC é preocupante, mais é reconducible se somos capaces, colectivamente falando, de actuar proactivamente. Desde este equipo, imos ser extremadamente comedidos e prudentes á hora de estimar ingresos e, asemade, buscaremos reflectir as necesidades da UDC nun estado de gastos asumible pola institución. O escenario previsible de escaseza vai supor unha maior austeridade e disciplina orzamentaria para o vindeiro cuadrenio, que se materializarán nas seguintes actuacións:
  - o realización duns controis orzamentarios periódicos que formulen e implanten correccións e axustes dentro do exercicio,
  - o rigor na execución do gasto insistindo no uso dos mecanismos que na actualidade xa se veñen empregando,





- o deseño de planos específicos de optimización de recursos,
- o renegociación de contratos de subministros de todo tipo con provedores para conseguir economías na xestión,
- o racionalizar a concesión de anticipos de tesouraría en proxectos e convenios buscando o axuste do ritmo de execución ao ritmo do financiamento,
- o busca de sinerxías por medio da implantación de medidas conducentes a compartir recursos materiais e humanos entre centros, departamentos, unidades, etc.,
- o evitar, cando for posible, a contratación de persoal como consecuencia do absentismo que hoxe en día existe dentro da nosa universidade e promover o control das ausencias ao posto de traballo, demandando maior actuación por parte da inspección médica.

## **ORZAMENTO XERAL**

### **Obxectivos propostos para o ano 2004**

Sinteticamente, as prioridades que o actual equipo de goberno establece para o ano 2004, e que deberán ter o correspondente soporte orzamentario, son as seguintes:

- Articular os mecanismos para faceren efectivos os compromisos de estabilización do profesorado contidos nos novos estatutos da UDC.
- Desenvolver proxectos orientados á formación dentro dun proceso gradual e plurianual de adaptación ao Espazo Europeo de Ensinanza superior.
- Promover a presenza activa da UDC no seu contorno social e cultural por medio da intensificación da extensión universitaria.
- Incrementar as bolsas a estudantes nunha contía non inferior ao IPC.
- Desenvolvemento de investimentos reais que supoñan a actualización da infraestrutura tecnolóxica e investigación da UDC e que na medida do posible non incrementen os gastos correntes futuros.



## **Metodoloxía de Elaboración**

O proceso tivo como referentes inmediatos a prórroga do exercicio 2003 a 2004 e as situacións tanto financeira da UDC como do contorno explicadas anteriormente. Estes foron os límites nos que houbo que traballar para a consecución dos obxectivos descritos máis arriba. En consecuencia, procedeuse en primeiro termo a unha estimación realista dos ingresos non financeiros para o exercicio 2004.

No entanto, a racionalización do gasto esixe o coñecemento dos planos de actuación de cada vicerreitoría e un esforzo por parte de cada un dos membros do equipo reitoral por priorizar e valorar actuacións para se adaptar á restrición financeira existente.

A ferramenta básica para a elaboración das propostas de gasto e para a estimación de ingresos futuros foi a “ficha de orzamento” difundida durante o mes de abril a todos os servizos e unidades gasto. Nesta folla, debía facerse constar a descrición da actuación proposta e unha valoración de gasto clasificada por capítulos en dous niveis diferentes: nivel ideal ou óptimo e nivel mínimo, entendido como a cantidade por debaixo da que a actuación sería inviable. A información para confeccionar o orzamento completouse coas memorias de necesidades que os directores de centro remitiron no derradeiro trimestre de 2003.

Deseguido, comezouse o proceso de consolidación das propostas e a adaptación do global ao marco financeiro de referencia. Este proceso implicou unha revisión de proxectos e a priorización de obxectivos por parte dos vicerreitores. Finalmente, da análise conxunta do nivel de gasto necesario para acadar os obxectivos formulados, do grao de execución en maio de 2004 de gasto no orzamento prorrogado e das estimacións de ingresos non financeiros calculáronse as necesidades de ingresos adicionais para que o orzamento se presentase equilibrado. O resultado final é a constatación da necesidade de recorrer ao uso de pasivos financeiros esixibles cun prazo de vencemento superior ao ano.

## **Visión xeral do orzamento de ingresos e gastos**

### **Ingresos**

#### **Capítulo III. Prezos públicos e outros ingresos**

Polo que respecta ao capítulo III, de prezos públicos e outros ingresos similares, o groso do mesmo vén dado polos prezos públicos por servizos



académicos (93,20% sobre o total do capítulo), que teñen carácter de libre dispoñibilidade.

Os prezos por servizos académicos referidos aos estudos oficiais son determinados pola Comunidade Autónoma -dentro dos límites fixados polo *Consejo de Coordinación Universitaria*-, na súa contía individual e no seu incremento anual, non tendo as universidades capacidade algunha de decisión sobre o mesmo. O montante total por este concepto está orzado baixo a suposición de que se vai manter o número de alumnos e que os prezos van subir un 3% en relación ao curso anterior. Para a estimación considerouse a recadación real por este concepto durante 2003. Xa que logo, este concepto sofre unha diminución do 7,97% en relación á previsión de 2003.

A previsión no resto de ingresos deste capítulo - no que se integran a venda de bens e outros ingresos diversos- foi realizada co mesmo criterio de realismo. En consecuencia, o importe total da contía orzada neste capítulo ascende a 14,798 millóns de euros, que significa unha redución do 13,13 % en relación ao orzamento de 2003.

#### **Capítulo IV. Transferencias correntes**

Dentro do capítulo de transferencias correntes debemos diferenciar entre as transferencias que non teñen un carácter finalista e, polo tanto, sobre as que as universidades teñen libre dispoñibilidade, do resto de transferencias que dunha ou outra forma teñen unha finalidade asignada.

Entre as primeiras temos as transferencias do acordo de financiamento (estimada cun incremento do 2 % máis unha cantidade adicional como consecuencia da implantación de cursos en novas titulacións) e a transferencia procedente da Consellaría de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado cos incrementos que figuran no decreto de transferencia do INEFG á UDC; destacan entre as segundas as transferencias por sexenios, para compensar o aboamento do 40 % dos complementos nas pagas extras do persoal funcionario, convenio co Sergas para o pagamento das prazas vinculadas e dúas transferencias procedentes da Consellaría de Innovación para financiar gasto corrente. En conxunto, as transferencias correntes procedentes da administración autonómica (o 98,86 % do total do capítulo IV) experimentan un incremento do 3,69 % en relación ao orzamento de 2003.

Inclúese tamén financiamento de empresas privadas e fundacións, cun incremento do 7,03% en relación ao orzamento de 2003, para facer referencia ás



achegas do SCH, conveniadas plurianualmente en setembro de 2003, ás cátedras de empresa que poidan callar durante 2004 e ás transferencias procedentes da FUAC.

En conxunto, o capítulo IV de Ingreso incrementábase un 3,72 % respecto ao previsto durante 2003.

### **Capítulo V. Ingresos patrimoniais**

Os ingresos patrimoniais veñen dados fundamentalmente por xuros e concesións administrativas. En relación ao orzamento de 2003, os primeiros caen un 36,59% e as segundas un 5,17%. En conxunto, o capítulo retrocede un 12,10% fronte ao orzado en 2003.

### **Capítulo VII Transferencias de capital**

Os ingresos por transferencias de capital están asociados á realización de investimentos, renovacións, ampliacións e melloras ou ao desenvolvemento de proxectos de investigación.

Distingúense así fundamentalmente dous tipos de ingresos por transferencias de capital para o exercicio 2004:

- Ingresos asociados á realización de novos investimentos: procedentes fundamentalmente da Administración Autonómica como consecuencia da prórroga do Acordo de Financiamento (cunha cantidade igual á de 2003) ou de convenios específicos coa Consellaría de Innovación para infraestruturas e equipamento. Este ano figura, como novidade en relación ao orzamento de 2003, a achega conseguida nunha convocatoria do FEDER, a solicitude do anterior equipo reitoral, para investimentos en edificios e infraestrutura asociados á investigación por importe de 4,647 millóns de euros. Esta convocatoria esixe ao beneficiario que cofinancie a actuación obxecto da axuda (neste caso, a construción e dotación do CITIC). A relación de cofinanciamento obriga a que a UDC achegue 42,86 euros por cada 100 euros que desembolse o FEDER. É dicir, a Universidade ten que buscar financiamento por 1,991 millóns de euros. A actual Vicerreitoría de Investigación conseguiu captar financiamento para este proxecto doutros entes públicos (Consellaría de Innovación e outras institucións públicas) quedando reducida a achega da UDC a 453.453,00 euros.
- Ingresos para a renovación ampliación e mellora os investimentos existentes: procede da Comunidade Autónoma e foi estimada na mesma cantidade que no ano 2003.



En conxunto, as cantidades orzadas neste capítulo incorporan un incremento dun 42,80% en relación ao previsto para 2003.

### **Capítulo VIII. Variación de activos financeiros**

Nos ingresos recoñecidos en concepto de variación de activos financeiros a UDC recolle os remanentes de tesourería. Polos motivos expostos anteriormente, orzamos esta cantidade cunha cantidade simbólica de 1 euro, o cal supón facer desaparecer este concepto de ingreso.

### **Capítulo IX Variacións de pasivos financeiros**

O capítulo de variación de pasivos financeiros recolle os ingresos por préstamos. Esta é outra novidade contida no orzamento de 2004. Proponse incorporar unha contía de 6.000.000 euros como ingreso debido á necesidade de financiar parte dos investimentos reais consignados no capítulo VI de gastos.

Na actualidade a UDC ten contratada unha póliza de crédito por importe de 6 millóns de euros con vencemento o 31/12/2004 e cun tipo de xuro nominal de 2,259 % pagadeiro por trimestres. Esta operación foi concertada o 21 de xaneiro de 2004 para renovar outra póliza de similares características activa durante 2003, previa autorización da Consellaría de Economía e Facenda, con data 19 de xaneiro.

O que se propón para presentar un orzamento equilibrado é a modificación do prazo desta operación para convertela en financiamento a longo prazo e o posible abaratamento do custo financeiro da mesma. Téñase en conta que a dinámica da UDC vén sendo a de aperturar e cancelar durante o exercicio para repetir esta operación ao comezo do exercicio seguinte. Dado que a nosa situación de tesouraría obriga a ter usada a póliza na súa totalidade, na práctica esta fonte de financiamento ten carácter estrutural. A proposta sería ir realizando amortizacións parciais da póliza ou ir reducindo o límite ata deixala totalmente extinguida en xuño de 2007.

Outra vía para captar este ingreso é formalizar un préstamo novo e destinalo a amortizar totalmente a póliza de crédito vixente. Suxerimos que a evolución do préstamo se axuste ao contido da Táboa 4

DATA	CANTIDADE AMORTIZADA	SALDO VIVO	XUROS ESTIMADOS
31/12/2004	900.000,00	5.100.000,00	67.770,00
30/06/2005	950.000,00	4.150.000,00	57.604,50
31/12/2005	950.000,00	3.200.000,00	46.874,25
30/06/2006	1.000.000,00	2.200.000,00	36.144,00



31/12/2006	1.000.000,00	1.200.000,00	24.849,00
30/06/2007	1.200.000,00	-	13.554,00

**Táboa 4: Cadro de amortización**

Como se pode observar, neste ano 2004 contéplase unha primeira amortización de principal, que incluímos no capítulo IX de gasto, co que a 31/12/2004 o capital vivo pendente de amortizar sería 5,1 millóns de euros.

Confiamos que o futuro marco financeiro en que se terá que mover a UDC nos próximos anos así como a xestión desenvolvida no seo da UDC permitirán compatibilizar un desenvolvemento adecuado da institución co cumprimento das obrigas derivadas do emprego de pasivos financeiros (devolución do principal e pagamento de xuros).

O peso do capítulo IX no conxunto total de ingreso é do 6,48 %.

## **GASTOS**

### **Capítulo I. Gastos de persoal**

No capítulo I de gastos de persoal recóllese o conxunto de obrigas que a universidade recoñece en concepto de retribucións, seguridade social, acción social, etc., en relación co seu persoal docente e de administración e servizos.

Debe ser destacado que, a especial estrutura das universidades en tanto que prestadoras de servizos de docencia e investigación, fai que o capítulo de gastos de persoal sexa, con diferenza, o que representa maior peso porcentual sobre o total de gastos (65,19 % no orzamento de 2004; 66,33% no de 2003). Asemade, resulta importante distinguir dentro deste capítulo os gastos de persoal que levan asociado directamente financiamento externo, como é o caso dos sexenios de investigación, os pagamentos realizados ao abeiro do concerto entre a UDC e o Sergas ou os asociados a determinados convenios –complementos retributivos no futuro-, do resto de gastos de persoal que deben ser financiados cos recursos incondicionados dos que dispoñen as universidades.

Este capítulo experimenta un incremento dun 8,29 % en relación ao orzamento de 2003 como consecuencia dos seguintes feitos:

- Incorporación ao cadro de persoal da UDC do persoal docente e investigador e do persoal de administración e servizos do INEFG.
- Procesos de funcionarización e de promocións experimentados no PDI, como consecuencia da resolución das derradeiras prazas rexidas pola LRU durante



2003, e no PAS: en consecuencia, o incremento do custo do persoal funcionario (PDI e PAS) é do 17,07 % e o peso que ten no conxunto do capítulo ascende ao 67,32 %. Paralelamente, experimentábase unhas reducións do 7,58 % do custo do PAS laboral e do 3,05 % no gasto en PDI contratado.

- As políticas concretas para responder ao compromiso de estabilización do profesorado serán implantadas no segundo semestre de 2004 e figuran debidamente orzadas no capítulo I. A evolución do custo do PDI contratado é o resultado de dous movementos de sentido contrario: por unha banda, do acceso de parte deste persoal a figuras de profesorado funcionario durante 2003 e, por outra, da adaptación do profesorado contratado á novas figuras da LOU e a convocatoria de novas prazas debidamente xustificadas por docencia.

## Capítulo II. Gastos en Bens correntes e servizos

Este capítulo recolle os gastos correntes en bens e servizos como consecuencia do funcionamento ordinario da institución. Está estimado practicamente nos mesmos niveis que tiña no orzamento de 2003 (a variación é de -0,76% entre os dous anos).

Existen factores que, sen dúbida, actúan incrementando este capítulo (vg. integración do INEFG, incorporación de novas infraestruturas a un funcionamento pleno ou a propia evolución dos custos dos bens e servizos consumidos en exercicios anteriores). Porén, existen reducións substanciais que compensan o incremento previsible derivado de tales factores: por exemplo, en 2003 estaba orzada a cantidade de 500.000 euros como indemnizacións por razóns de servizo para poder atender os desprazamentos xerados pola convocatoria de gran cantidade de prazas docentes celebradas na UDC. En 2004, esta cantidade baixou a 70.000 euros. Por outra banda, estase en contacto con provedores de subministros básicos para buscar economías que permitan a universidade xestionar mellor os seus gastos ou están en fase de deseño planos para aforrar consumibles que, ademais de abaratar, teñen unha repercusión ecolóxica positiva.

En resumo, as variacións entre os orzamentos de 2003 e 2004 dos principais gastos incluídos neste capítulo son as seguintes:

Concepto	Var 03/04	% s/total cap. II
Alugueiros	+17,79 %	2,01 %
Reparación e Conservación	+15,57 %	7,58 %



Material, subministracións e outros	+1,61 %	86,72 %
Indemnizacións por razón de servizo	-48,41 %	3,69 %

### Capítulo III. Gastos financeiros

Contempla os gastos por xuros de préstamos e créditos. Estímase a partir do custo efectivo de empregar un pasivo financeiro de 6.000.000 euros durante 11 meses ao custo anual de 2,259%.

### Capítulo IV. Transferencias correntes

Nos gastos por transferencias correntes recóllese o conxunto de axudas para persoas e institucións sen fins de lucro. Destacan neste sentido as bolsas a estudantes, que se incrementan en conxunto nun 2,93 %, e as axudas da escola infantil, que se manteñen no mesmo nivel que no ano 2003. En conxunto o capítulo aumenta un 0,84 %.

### Capítulo VI. Investimentos reais

O capítulo de investimentos reais, que sobe en conxunto un 22,06 % en relación ao orzado en 2003, integra os seguintes conceptos:

- Investimentos novos en edificios, infraestruturas e equipamento, financiados normalmente con transferencias de capital finalista.
- Gastos derivados da execución dos proxectos de investigación e dos servizos e convenios de investigación.
- Gastos relacionados coa investigación, como son os gastos de funcionamento dos departamentos e adquisicións bibliográficas.

Dentro das infraestruturas con financiamento finalista, cómpre salientar o conxunto de obxectivos propostos pola UDC á Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria dentro da prórroga do Acordo de financiamento, que materializarán durante 2004 (Táboa 5).

Descrición	2004
OBXECTIVO I: CENTRO DE DOCUMENTACIÓN E ARQUIVO E SALA DE ESTUDOS DE ELVIÑA	1.498.723,63 €
OBXECTIVO II: OBRA CIVIL PARA SALA DE ESTUDOS DO CENTRO UNIVERSITARIO DE RIAZOR	30.000,00 €
OBXECTIVO III: INTERCONEXIÓN DOS CAMPUS E ELEMENTOS ACTIVOS DE REDE PARA OS MESMOS	1.089.704,28 €
OBXECTIVO IV: EQUIPAMENTO PARA PROCESOS DE	





INFORMATIZACIÓN E RENOVACIÓN	1.179.000,00 €
OBXECTIVO V: EQUIPAMENTO PARA SALAS DE ESTUDOS DO CENTRO DE ELVIÑA, CUR E OUTRAS	678.015,72 €
OBXECTIVO VI: PROXECTO WI-FI <sup>3</sup>	182.400,00 €
<b>TOTAL OBXECTIVOS 2004</b>	<b>4.657.843,63 €</b>

**Táboa 5: Infraestruturas financiadas pola CEOU en 2004.**

Coa participación do FEDER, inclúese no orzamento unha partida para a construción do CITIC (1,5 millóns) e outra para a adquisición de infraestrutura e equipamento científico (4,05 millóns). O esquema global de financiamento destas actuacións xa quedou explicado con anterioridade.

Existen algunhas reducións en partidas incluídas neste capítulo como, por exemplo, a consignada para o préstamo interbibliotecario (o resto do orzamento de biblioteca coincide co do ano 2003) ou os gastos en investimentos de carácter inmaterial (que pasa de 1,67 millóns en 2003 a 1,38 millóns en 2004).

O préstamo, ao que se fai referencia máis arriba, contribúe ao financiamento deste capítulo.

### **Capítulo VII. Transferencias de Capital**

Este capítulo experimenta unha redución do 6,97 % en relación ao orzamento de 2003 e inclúe transferencias a SUG, CEIDA e Bugalicia por un importe conxunto de 235.619 euros.

### **Capítulo VIII. Variacións de activos financeiros.**

Consígnase neste capítulo a adquisición de accións do Parque Tecnolóxico de Galicia por 6.011 euros .

### **Capítulo IX. Variación de pasivos financeiros.**

Tal como quedou explicado anteriormente, este capítulo inclúe a amortización de 900.000 euros do préstamo de 6.000.000 euros concertado durante 2004.

A Táboa 6 sintetiza as previsións de ingresos e gastos para 2004 e asemade compáraas coas correspondentes de 2003.

---

<sup>3</sup> O proxecto Wi-Fi conta tamén con financiamento da Consellería de Innovación por unha cantidade igual á achegada pola Consellería de Educación. En consecuencia, o orzamento global é o dobre do que figura na táboa.



Pódense observar cambios significativos nos pesos de cada un dos conceptos de ingreso entre os dous anos comparados ao acadaren maior importancia as transferencias de capital (capítulo VII) e os pasivos financeiros (capítulo IX) a costa de reducir a presenza dos ingresos por prezos públicos (capítulo III), tranferencias correntes (capítulo IV), activos financeiros (capítulo VIII). Esta situación non é cómoda xa que aumenta a dependencia da UDC de financiadores externos como determinados entes públicos ou entidades financeiras.

Tocante aos gastos, os orzamentos apostan claramente polos investimentos do capítulo VI (que gaña peso relativo nuns orzamentos que, en conxunto, medran un 10,19%). Perden importancia os gastos de persoal que, malia aumentaren 4,6 millóns de euros, supoñen o 65,19 % do orzamento total (fronte ao 66,33 do ano anterior) e os gastos correntes en bens e servizos (que pasan do 15,15% ao 13,64%).

**Táboa 6: Orzamento Xeral da UDC**

INGRESOS	2003	%	2004	%	VAR 03/04
Capítulo III: Taxas, prezos públicos e outros ingresos	17.034.886,00	20,26%	14.797.853,18	15,97%	-13,13%
Capítulo IV: Transferencias correntes	57.965.564,29	68,95%	60.123.083,06	64,90%	3,72%
Capítulo V: Ingresos patrimoniais	372.000,00	0,44%	327.000,00	0,35%	-12,10%
Capítulo VII: Transferencias de capital	7.976.892,01	9,49%	11.391.033,63	12,30%	42,80%
Capítulo VIII: Activos financeiros	725.483,97	0,86%	1,00	0,00%	
Capítulo IX: Pasivos financeiros			6.000.000,00	6,48%	
<b>TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS 2004</b>	<b>84.074.826,27</b>	<b>100,00%</b>	<b>92.638.970,87</b>	<b>100,00%</b>	<b>10,19%</b>

GASTOS	2003	%	2004	%	VAR 03/04
Capítulo I: Gastos de persoal	55.767.467,58	66,33%	60.391.903,00	65,19%	8,29%
Capítulo II: Gastos correntes en bens e servizos	12.737.206,52	15,15%	12.640.514,00	13,64%	-0,76%
Capítulo III: Gastos financeiros	601,01	0,00%	124.245,00	0,13%	
Capítulo IV: Transferencias correntes	1.672.496,48	1,99%	1.686.490,00	1,82%	0,84%
Capítulo VI: Investimentos reais	13.643.776,86	16,23%	16.654.188,87	17,98%	22,06%
Capítulo VII: Tranferencias de capital	253.271,81	0,30%	235.619,00	0,25%	-6,97%
Capítulo VIII: Activos financeiros	6,01	0,00%	6.011,00	0,01%	
Capítulo IX: Pasivos Financeiros			900.000,00	0,97%	
<b>TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS 2004</b>	<b>84.074.826,27</b>	<b>100,00%</b>	<b>92.638.970,87</b>	<b>100,00%</b>	<b>10,19%</b>



Finalmente, a Táboa 7 amosa os saldos correntes e de capital calculados a partir dos orzamentos de 2003 e 2004. Neles pódese observar como, a pesar das restricións comentadas anteriormente e da metodoloxía de estimación do ingreso, o ingreso corrente segue a ser superior ao gasto corrente en 2004. Ora ben, este saldo corrente é certamente escaso (404.784, 24) e apenas financia gastos de capital. En consecuencia, cómpre recorrer a préstamos (capítulo IX) para completar o financiamento dos capítulos VI, VII e VIII de gasto.

**Táboa 7: saldo corrente e saldo de capital**

	2003	2004
TOTAL INGRESO CORRENTE (III, IV, V)	75.372.450,29	75.247.936,24
TOTAL GASTO CORRENTE (I, II, III, IV)	70.177.771,59	74.843.152,00
SALDO CORRENTE	5.194.678,70	404.784,24

TOTAL INGRESO DE CAPITAL (VII, VIII e IX)	8.702.375,98	17.391.034,63
TOTAL GASTO DE CAPITAL (VI, VII, VIII e IX)	13.897.054,68	17.795.818,87
SALDO DE CAPITAL	-5.194.678,70	-404.784,24